

PEZA DO MES

abril

2020



BRAZAL DE ARQUEIRO
COTO DO BRIGUEIRO (CARBALLEDA DE AVIA)



BRAZAL CE000507

Brazal de arqueiro. Coto do Brigueiro (Carballeda de Avia)

Esta peza é un exemplar dos coñecidos na historiografía arqueolóxica como «brazais de arqueiro». Ingresou no Museo en 1951, como doazón da Sociedade Arqueolóxica de Ribadavia e foi rexistrada co número 3.117. Florentino Cuevillas dedícalle, en 1956, un pequeno artigo nas páxinas de *Cuadernos de Estudios Gallegos* no que dá conta do seu achado casual no denominado Coto do Brigueiro, no lugar de Vilar de Condes do concello de Carballeda de Avia, «subiendo desde el Ribeiro de Avia con dirección al macizo de Pena Corneira y de la media montaña de Avión». Este sería o único obxecto recuperado do interior dunha especie de caixa formada por grandes pedras, segundo a descrición dos seus descubridores, que Cuevillas interpreta como unha cista de comezos da Idade do Bronce.

Trátase dunha pequena placa de lousa recortada, de morfoloxía rectangular, lixeiramente adelgazada no centro, cos ángulos redondeados, sección plana e superficie coidadosamente puída. Presenta unha perforación bicónica, centrada en cada un dos lados menores e ten unhas dimensións de 89 mm de lonxitude, 23,5 mm de anchura e 7 mm de espesor.

Sobre a forma de uso e función destas pezas xurdiu dende antigo un intenso debate que aínda se mantén, sendo a interpretación máis aceptada –e de aí o nome que tradicionalmente se lles deu– aquela que as entende como elementos de protección dos pulsos dos arqueiros ao dispararen as frechas, para evitaren que o impacto do retroceso da corda trala distensión do arco lles bata e dane o antebrazo. O primeiro en suxerir este uso foi o reverendo inglés Canon Ingram en 1867. Avalaría esta función a súa exhumación xunto a puntas de frecha líticas ou metálicas e o seu depósito en

ocasións nunha posición achegada aos antebrazos dos individuos enterrados.

Outros autores como os irmáns Siret propuxeron, xa en 1890, para os encontrados no contexto da cultura do Argar, o seu uso como pulidores ou afiadores de obxectos metálicos, hipótese que foi retomada a finais do século XX e que algúns defenden na actualidade, preferindo a denominación de plaquetas perforadas para estes obxectos, dos que afirman que dado o seu pequeno tamaño non servirían como protección suficientemente efectiva no tiro con arco. O feito de existiren exemplares realizados en óso parece contradicir esta tese.

Hai tamén quen lles otorga un uso máis ornamental que propiamente funcional e quen suxire que os exemplares das tumbas serían fabricados especificamente para fins rituais ou funerarios, reproducindo en pedra os orixinais cotiáns que serían realizados en materiais perecedoiros como o coiro, segundo mostran exemplos actuais e outros históricos e etnográficos.

Investigadores de distintos países levaron a cabo nos últimos anos estudos de arqueoloxía experimental e traceoloxía para trataren de establecer definitivamente a súa función, concluíndo uns que efectivamente serían utilizados como brazais de arqueiro, suxeitos na cara interna do antebrazo por medio de cordas, segundo deducen das pegadas de uso nos orificios das pezas. Outros autores, sen negar esta función para algúns dos exemplares, apostan tamén pola posibilidade do seu uso como afiadores para outras das pezas.

A distribución xeográfica deste tipo de artefactos abrangue practicamente toda Europa, establecéndose distintas tipoloxías (Sangmeister 1964/1974, e máis recentemente outros autores) que diferencian entre os modelos anchos e curvos, xeralmente con catro ou máis perforacións, dos exemplares presentes en Centroeuropa e nas Illas Británicas e os estreitos e planos, con dous orificios, característicos da península ibérica e de todo o suroeste de Europa.

Os brazais aparecen no rexistro arqueolóxico como elementos típicos dos enxovais funerarios da Prehistoria recente, nun momento avanzado do Calcolítico, contra mediados do III milenio a. C., caracterizado pola expansión do vaso campaniforme, que supón a integración da maior parte de Europa e o norte de África nun amplo e complexo mundo de relacións e redes de intercambio, cuxo perdura ata o Bronce Medio.

Na Península documéntanse moi frecuentemente nos enterramentos campaniformes, como as sepulturas individuais en fosas cubertas por un sinxelo túmulo do coñecido grupo Ciempozuelos (o propio Ciempozuelos en Madrid, Fuente-Olmedo



BRAZAL CE005338

en Valladolid, Villabuena del Puente en Zamora, etc.). Aparecen xunto a unha coidada selección de obxectos que forman parte do seu «kit» característico, aínda que nunca se presenten todos eles nun único enxoval. Este está formado polo chamado «equipamento de arqueiro»: ademais dos brazais, puntas de frecha líticas, armas de cobre –puñais tipo lingüeta, puntas Palmela, etc.–, xunto a botóns de óso con perforación en «V», adornos áureos, e as súas pezas máis representativas: os vasos cerámicos en forma de campá invertida que, xunto a cazolas e cuncas, decorados mediante liñas impresas ou por medio de incisións formando bandas horizontais paralelas, definen este fenómeno.

Pola súa banda, a aparición de brazais de arqueiro no noroeste hispánico, á parte de pouco numerosa, parece ofrecer certas diferenzas. Os exemplares coñecidos, ata o de hoxe, proceden maioritariamente de cistas, pequenas construcións pétreas de carácter individual sepultadas baixo terra, xeralmente de inhumación, que constitúen a forma de enterramento máis característica do Bronce Antigo (1900 – 1500 a.C.). Os enxovais funerarios asociados a estes enterramentos caracterízanse na súa etapa inicial pola presenza de elementos metalúrxicos propios do campaniforme, como as puntas tipo Palmela e os puñais de lingüeta, así como adornos de metais preciosos, ou os propios brazais, considerados obxectos característicos dese mundo, pero non presentan xa esa típica cerámica decorada.

Esta particularidade deu lugar á definición do horizonte cultural que Harrison (1974) denominou «grupo de Montelavar», polo xacemento epónimo portugués, caracterizado polos enterramentos en cista cun enxoval formado por un puñal de lingüeta e polo menos dúas puntas Palmela. Neste Horizonte inclúense exemplos como Atios e Taraio en Galicia ou o portugués de Quinta de Água Branca, entre outros. Porén, trátase dun concepto hoxe cuestionado.

En canto aos paralelos próximos desta peza, podemos citar outras dúas que se conservan no museo ourensán, das que se descoñecen as circunstancias do seu descubrimento. Unha delas (Nº Inv. 507) foi ingresada pola Comisión de Monumentos en 1925, sen que consten datos de procedencia, e a outra (Nº Inv. 5.338) é un exemplar incompleto que presenta tres orificios no extremo, achado nos anos 80 nos montes situados entre O Irixe e Brués.

Doutros puntos de Galicia proceden o brazal encontrado, en 1984, na cista nº 2 de Gandón (Cangas), acompañado dunha dubidosa punta Palmela e seis minúsculos fragmentos cerámicos lisos. Trátase dunha cista de inhumación presente nunha posible necrópole na que se documentou outra cista máis pequena que albergaba unha cremación, o que nos está a falar da variabilidade dos ritos funerarios neste momento da prehistoria. Outra peza deste tipo localizouse na cista de Pedramarrada en Carnota, neste caso asociada cun puñal de lingüeta.

Asturias, pola súa banda, conta cun único exemplar recentemente atopado no túmulo de Los Fitos (La Cobertora, Sierra del Aramo, Riosa), mentres da zona norte de Portugal contamos cunha serie máis numerosa: dous brazais procedentes do xacemento de Chã de Arefe, en Barcelos, o da cista 1 acompañado dunha punta Palmela, e como único enxoval o da cista 2. Ademais o do túmulo de Vilar en Vila do Conde e o presente no túmulo cunha posible estrutura cistoide da Regadoura 2 en Fafe, cuxo depósito votivo estaba composto ademais por un martelo e un afiadador líticos, diversos fragmentos cerámicos e unha punta tipo Palmela, que os escavadores encadran cronoloxicamente na transición entre o Calcolítico e a Idade do Bronce.

Mención a parte merece a singular peza fundida en ouro de Vila Nova de Cerveira (Viana do Castelo), con paralelos noutras europeas e de claras connotacións suntuarias.

Sexa cal sexa a súa enigmática función, o que en definitiva resulta innegable é que estamos ante obxectos de prestixio, cun alto valor simbólico, que funcionan como un sinal de rango e dignidade do defunto ante a comunidade presente no rito funerario. Ao mesmo tempo reflicten unha crecente complexidade social, evidenciada polo súa aparición en tumbas individuais, de personaxes masculinos, arqueiros ou guerreiros. Individuos que pertencerían ás élites dominantes xurdidas no seo dunhas comunidades paulatinamente xerarquizadas como consecuencia do aumento de riquezas producido pola acumulación de excedentes alimentarios ou por un crecente control da metalurxia, nun momento en que se xeneraliza o uso de útiles e armas metálicas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia



XUNTA
DE GALICIA